

## **Informe Cuadrimestral nº 51 (maio-agosto de 2021)**

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de maio a agosto de 2021 relacionados coa ETSE. Durante este período celebráronse dos Xuntas de Escola ordinarias os días 20 de maio e 10 de xuño.

### ***Persoal***

4 de maio. Na reunión do Consello de Goberno da Universidad de Valladolid nomeouse como doutor honoris causa ao profesor Juan Lema Rodicio.

10 de maio. Publicación dos resultados definitivos das eleccións 2021 de membros de Xunta de Escola. Incorporación de 38 novos representates de estudantes de grao e máster e 4 PDI sen vinculación permanente e investigadores en formación.

1 de xullo. Transformación das prazas de Oficial de Servizo ocupadas por Alejandro Martís Diéguez, Jesús Sánchez Lojo e Manuel Ramón Barreiro Martínez en prazas de Auxiliar Técnico de Servizos.

16 de xullo. Sara González García asinou un contrato con esta Universidade como profesora contratada doutora da área de coñecemento de enxeñaría química, cesando no contrato de profesora interina de substitución a tempo completo.

29 de xuño. Asinou contrato laboral fixo como de técnico de investigación, área electrónica-mecánica, don Eladio Parga Ures.

6 de agosto. Cesa don Miguel Ángel Ferreira Casal, como técnico de investigación, área electrónica-mecánica.

13 de agosto. Cambio de denominación na Conserxería. Pasa a denominarse Punto de atención, información e servizos

### ***Asuntos académicos***

14 de maio. Convocatoria de prácticas en empresa para o estudiantado do Máster en Enxeñaría Ambiental.

21 de maio. Convocatoria de prácticas en empresa para o estudiantado do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

13 de xullo. Presentación e defensa telemática, a través de Microsoft Teams, da tese de doutoramento de Dona Edelina Rosa Torres López, titulada: Hacia una Industria Alimentaria Sostenible en Galicia: de la Política de Prevención y Control de la Contaminación a la Economía Circular, dirixida por Dona Pastora M<sup>a</sup> Bello Bugallo.

2 a 18 de xullo. Prazo para a presentación de propostas de TFG do Grao en Enxeñaría Informática por parte do PDI da titulación. 19 e 20 de xullo. Presentación e defensa de Traballos fin de Grao do alumnado de Grao en Enxeñaría Química.

16 e 19 de xullo. Presentación e defensa de Traballos fin de Grao do alumnado de Grao en Enxeñaría Informática.

12 de xullo. Presentación e defensa de Traballos fin de Máster do alumnado do Máster en Tecnoloxías de análise de datos masivos: Big Data.

2 e 5 de xullo. Presentación e defensa de Traballos fin de Máster do alumnado do Máster en Enxeñaría Ambiental.

7 de xullo. Presentación e defensa de Traballos fin de Máster do alumnado do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

8 de xullo. Publicación da resolución definitiva coa asignación de prazas de prácticas en empresa do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos para o curso 2021-22.

15 de xullo. Presentación e defensa semipresencial da tese de doutoramento de D. Manuel Rama Caamaño, titulada: Developing an integrated framework to quantify sustainability indicators in the context of urban systems, dirixida por D. Gumersindo Feijoo Costa e Dona Sara González García.

23 de xullo. Presentación e defensa semipresencial da tese de doutoramento de D. Riccardo Bevilacqua, titulada: Understanding the effect of key operational conditions on amino acid acidification for a knowledge-driven protein fermentation, dirixida por Dona Marta Carballa Arcos e D. Miguel Mauricio Iglesias.

28 de xullo. Presentación e defensa semipresencial da tese de doutoramento de Dona Adela Fernández Agulló, titulada: Obtención de antioxidantes naturais a partir de residuos lignocelulósicos, dirixida por dona Julia González Álvarez e dona María Sonia Freire Leira.

### **Actividades**

8 de xuño. Curso de formación para equipas de emerxencia, edificio Docencia, dirixido a todo o persoal con docencia na ETSE e a todo o Pas.

9 de xuño. actividade formativa para os equipos de emerxencia do plan de autoprotección da ETSE.

28, 29 e 30 de xuño. Campamento Tecnolóxico-MATICA. Promovendo a vocación tecnolóxica entre as rapazas. En colaboración co CEPEIG. 5 de xullo. O persoal do Servizo de Prevención de Riscos visita a Escola para realizar o control das condicións de traballo correspondente ao primeiro semestre de 2020.

9 de xullo. Persoal de AENOR visita a Escola para realizar a auditoría do sistema de xestión de Seguridade e Saúde na ETSE, agora xa coa norma ISO 45001 que substitúe á OHSAS 18001.

5 de xullo. Sesión de presentación do Máster en Big Data a través de Teams. Unha das novidades no próximo curso será o aumento do número de prazas na USC ata 20 pola alta demanda.

8 de xullo. Acto de graduación da IX Promoción de Grao en Enxeñaría Química, sendo a madriña a profesora Marta Carballa Arcos.

9 de xullo. Acto de graduación da XV Promoción do Máster en Enxeñaría ambiental, sendo a madriña a profesora M<sup>a</sup> Teresa Barral Silva.

14 de xullo. Acto de graduación da VIII Promoción do Grao en Enxeñaría Química, sendo o padriño o profesor Juan J. Casares Long.

19 a 23 de xullo. Curso de verán: Oportunidades ambientais da economía circular aplicada ao sector agroalimentario. Dirección: Sara González García, Co-dirección: Ángeles Val del Río.

### ***Aula Profesional***

6 de maio. Xogo de cidade virtual HERA. Organizador: Manuel Lama Penín, Prof. do Departamento de Electrónica e Computación

20 de maio. REACTJS aplicado a Visión Artificial. Impartido online por Daniel Turiño da empresa ALTIA.

### ***Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster***

|  |  |
|--|--|
| AIGÜES I SANEJAMENT D'ELX S.A.                             | Máster en Enxeñaría Ambiental                      |
| IDOM CONSULTING, ENGINEERING, ARCHITECTURE SAU             | Todas as titulacións da USC                        |
| PEDRA SALGADA S.L.   | Titulacións de grao e máster en Enxeñaría Química. |
| ANIBAL METALMECÁNICA GALLEGA                               | Todas as titulacións da USC                        |
| TYSGAL S.C.  | Todas as titulacións da ETSE                       |
| AGUA Y MEDIOAMBIENTE S.L. (AGUMED)                         | Titulacións de grao e máster en Enxeñaría Química. |
| FORESA, INDUSTRIAS QUÍMICAS DEL NOROESTE S.A.              | Todas as titulacións da USC                        |
| NUTRIMENTOS DEZA   | Titulacións de grao e máster en Enxeñaría Química. |
| ASMECRUZ SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA-LABORATORIO ASMECRUZ | Titulacións de grao e máster en Enxeñaría Química. |
| ENCE, ENERGÍA Y CELULOSA S.A.                              | Titulacións de grao e máster en Enxeñaría Química. |
| LECHE RÍO  | Titulacións de grao e máster en Enxeñaría Química. |
| LABAQUA  | Titulacións de grao e máster en Enxeñaría Química. |
| INTERLAB LABORATORIOS S.L.                                 | Titulacións de grao e máster en Enxeñaría Química. |
| SIMDOURO   | Máster en Enxeñaría Ambiental                      |

### ***Visitas a empresas***

2 de xuño. Visita á Serra do Xistral para os alumnos da materia Edafoloxía Aplicada do Máster en Enxeñaría Ambiental cos profesores Carmela Monterroso e Eduardo García-Rodeja.

### ***Actividades de difusión no ámbito do ensino secundario***

31 de maio. Charla orientativa con alumnos de instituto sobre as titulacións de Enxeñaría Química/Ambiental e Biotecnoloxía e presentación do mapa de titulacións da ETSE. Impartida pola profesora Anuska Mosquera Corral.

### ***Outros***

4 de maio. Sinatura do convenio marco de colaboración entre Viaqua e a USC para promoción da titulación de Máster en Enxeñaría Ambiental a través do subministro de equipamento ou o financiamento de actividades como prácticas de campo, visitas de relatores, premio ao mellor TFM, bolsas.

4 de maio. Acordo entre as tres universidades do SUG para ofertar no curso 2022-23 o grao e máster en Intelixencia Artificial con carácter interuniversitario e a impartirse na USC na Escola Técnica Superior de Enxeñaría.

4 de maio. Posta en funcionamento da nova web da Escola.

20 de maio. Instaláronse no edificio da ETSE unha serie de novos paneis.

23 de xuño. 1ª posición en el Ránking El Mundo do Máster en Enxeñaría Ambiental. 16 de xuño. No novo Plan de Desenvolvemento Sustentable (PDS) da USC un dos indicadores de mellora fai referencia á xestión dalgúns residuos. Iniciase un proxecto piloto cos Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) no que traballamos en colaboración a Área TIC, a Unidade de Residuos e o PDS. A intención é conseguir un proceso centralizado, con dúas recollidas ao ano que facilite a trazabilidade dos residuos e a verificación da destrución da información que conteñan os equipos.

José Luis Ares Sainz será o alumno titor para o GREQ no curso 2021-22